



CSCAE

Consejo Superior de los
Colegios de Arquitectos de España

Manifiesto

Día Mundial de la Arquitectura

“Arquitectura... vivienda para todos”

Este ano, no Día Mundial da Arquitectura, celebrado o luns 7 de outubro, a Unión Internacional de Arquitectos (UIA) e o Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España (CSCAE) poñen o foco sobre o desafío decisivo que representa a vivenda... para todos.

En todo o planeta, máis de mil millóns de persoas viven de forma precaria e sen servizos urbanos, e millóns de homes e mulleres, refuxiados e desprazados por conflitos e catástrofes, carecen de acubillo permanente.

En España, a progresiva concentración nas grandes cidades e a falta dun parque residencial accesible están encarecendo o prezo da vivenda. Isto dificulta que os máis novos e as familias poidan acceder a unha vivenda que responda ás súas necesidades de forma digna e adecuada, mentres que o mundo rural sofre o fenómeno da despoboación.

Os cambios acelerados que vivimos, a urxencia de afrontar a emerxencia climática, reducindo o consumo enerxético dos fogares e a necesidade de adaptalos ás formas de vida e traballo actuais e aos requisitos dunha poboación cada vez máis envellecida mostran un parque de vivendas que precisa unha transformación xeneralizada e urxente.

Os arquitectos e arquitectas diriximos os nosos esforzos a contribuír na resposta colectiva que esixen estes retos. Fronte ao prezo inaccesible da vivenda, aportamos solucións arquitectónicas eficientes, novas e transversais, así como estratexias urbanas e territoriais que reequilibren a oferta e a demanda a medio e longo prazo.

Contra a despoboación proporcionamos unha formulación urbana e estratéxica de diferentes escalas e accións de consolidación e renovación urbana en calquera municipio. Ademais,



CSCAE

Consejo Superior de los
Colegios de Arquitectos de España

impulsamos e contribuímos á renovación e adecuación do parque de vivendas edificado para garantir a súa calidade e que atenda a unhas necesidades habitacionais actuais e futuras moi diferentes ás que existían cando se construíu.

Para iso, as arquitectas e arquitectos españois traballamos colectivamente, promovendo numerosas iniciativas en todos os Colexios de Arquitectos e desde o CSCAE e, sobre todo no noso día a día, comprometidos co benestar do conxunto da cidadanía. Porque estamos convencidos de que traballar para que calquera persoa desfrute de acceso a unha vivenda digna e adecuada, integrada nun entorno construído e ambiental de calidade, dá sentido ao noso traballo e á nosa profesión.